

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15024902	CEIP Plurilingüe Wenceslao Fernández Flórez	A Coruña	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua galega e literatura	1º Pri.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	10
4.1. Concrecións metodolóxicas	45
4.2. Materiais e recursos didácticos	47
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	48
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	49
6. Medidas de atención á diversidade	50
7.1. Concreción dos elementos transversais	51
7.2. Actividades complementarias	53
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	54
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	55
9. Outros apartados	55

1. Introducción

O Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, enuncia entre os obxectivos da etapa o "e": coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.

A área de Lingua Galega e Literatura ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa lingüística do alumnado en galego.

Para a realidade concreta do centro e da aula para a que se programa, este obxectivo require dun traballo e un esforzo adicional, posto que o 100% do alumnado é castelanfalante, así como ás súas familias. Nas interaccións cotiás no centro educativo e nas aulas, a lingua empregada é o castelán. Polo tanto, nesta área, ademais de centrármonos no currículo que desenvolve o Decreto 155/2022, terá importancia a procura de referentes significativos que poidan chegar o idioma galego ao alumnado e favorecer o seu emprego.

O Decreto 155/2022 establece 10 obxectivos de área e 6 bloques de contidos. Serán traballados dun xeito intradisciplinar e non tratados como compartimentos estancos. Tamén hai que destacar o traballo interdisciplinar, e as áreas coas que estableceremos maior relación serán as Ciencias da Natureza e as Ciencias Sociais, asociando a cada unha das unidades didácticas desta programación o vocabulario nuclear das unidades que traballemos simultaneamente nas devanditas áreas de Ciencias.

A tradición galega, as festas e conmemoracións e as súas orixes serán traballadas cun fío común e desenvoltas, especialmente, nas actividades complementarias que se proporán.

Así, esta programación didáctica está dirixida aos dous grupos que conforman o nivel, moi heteroxéneos, de 25 alumnos e alumnas de entre 5 e 6 anos de idade cada un. Debido ás súas características, destacando que a maioría son moi inquedos, terá moito peso, sobre todo no primeiro trimestre, o traballo das normas e os hábitos de traballo dentro do marco da acción tutorial que se desenvolve de xeito integrado en todas as áreas. Tamén terá moito peso a educación emocional e socioafectiva.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade lingüística de Galicia e plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar esa diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A aventura no cole comeza hoxe!	Realizarase unha avaliación inicial das catro destrezas básicas da lingua: escoitar, falar, ler e escribir. A unidade estará estreitamente fiada coa temática da escola e as súas normas, que estaremos a tratar simultaneamente na área de Ciencias Sociais. Os nenos e nenas escoitarán audios encamiñados a que reflexionen sobre as diferenzas que se establecen entre as escolas actuais e aquelas ás que asistiron os seus pais e nais ou avós e avoas... Deste modo, o vocabulario principal da unidade terá que ver cos obxectos, materiais e normas da escola; así como dos membros da comunidade educativa. Tamén terá peso vocabulario do corpo humano. Con respecto á lectoescritura, a atención estará centrada nas vogais e nas letras "l", "m", "p" e "s"; seguindo a secuencia recomendada de aprendizaxe. Combinaranse actividades de realizar os trazos das letras poñendo atención no punto de inicio da grafía con outras interactivas co mural do abecedario, tarxetas de vocabulario, xogos lingüísticos...	7	16	X		
2	Chega o Samaín!	Nesta unidade, que terá lugar no mes de	8	12	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Chega o Samaín!	<p>outubro, será importante a elaboración dun conto colaborativo para ler na semana do Samaín no colexio. Por proposta do EDLG, durante o mes de outubro, cada aula do cole elaborará unha páxina do conto, desde 3º de Infantil ata 6º de Primaria. O vocabulario relacionado con esta festa será o núcleo da unidade xunto co relativo ás emocións, en especial, ao medo. Tamén haberá presenza de vocabulario dos principais órganos do corpo humano (cerebro, pulmóns, corazón, estómago...). Traballarase tamén o esqueleto. Respecto á lectoescritura, continuará a progresión coas letras "t", "n", "d", "c", "qu", "z", "h", "nh"; con actividades variadas que continúen o fío da unidade 1, incluíndo recursos dixitais, xogos interactivos, recursos dixitais, fichas de reforzo multinivel (inclusión e atención á diversidade)... Tamén será importante destacar que a biblioteca do centro e a aula virtual comezarán a funcionar a pleno rendemento.</p>	8	12	X		
3	Rutinas, lugares e linguas!	<p>Esta unidade comezará, aproximadamente, a finais de outubro ou principios de novembro. O vocabulario nuclear da unidade estará relacionado coas rutinas (comidas, aseo, descanso, exercicio físico...) e cos lugares onde levamos a cabo ditas rutinas, introducindo diferentes puntos de interese comúns nunha cidade (ximnasio, colexio, centros de ocio...). Todo seguirá vinculado coa expresión de emocións, posto que a educación emocional ten bastante peso na acción titorial neste curso. A conmemoración que destacará nesta unidade será o Magosto. Respecto á lectoescritura, continuará a progresión coas letras "x", "r"/"rr", "g" / "gu" e ñ; continuando coa variedade de recursos exposta nas unidades anteriores. Traballaranse tamén as contraccións das preposicións co artigo dun xeito atractivo, poñendo en práctica a competencia lingüística do alumnado en contextos reais co obxectivo de non comezar neste nivel coa terminoloxía gramatical.</p>	8	12	X		
4	Vivir na Coruña: que bonito é!	<p>Esta unidade será a última do primeiro trimestre, abarcando desde finais de novembro ata as vacacións escolares de Nadal. O núcleo de vocabulario desta unidade didáctica terán que ver coa localidade</p>	10	12	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Vivir na Coruña: que bonito é!	<p>(diferenzas entre vila e cidade) e todo o que implica os desprazamentos entre ou nas mesmas (seguridade viaria e mobilidade sostible). Por outra banda, trataremos algunhas profesións e oficios, principalmente os que nos permitan establecer a diferenza entre produtos naturais e elaborados.</p> <p>Tamén terá importancia o Nadal, centrándonos nos cambios que experimenta a nos cidade (A Coruña) mentres estamos a celebrar estas festas. Na lectoescritura, continúa a progresión coas letras "b" / "v", "f", "ch" e "ll" e, despois, a distinción entre sílabas e palabras, poñendo moito énfase en actividades variadas para interiorizar e practicar a diferenza, empregando diferentes técnicas e con traballo tanto individual como grupal colaborativo. Na última semana, realizaremos un repaso global do trimestre.</p>	10	12	X		
5	Paz, convivencia e diversidade.	<p>Esta unidade comezará xusto despois das vacacións de Nadal, sendo a primeira do segundo trimestre. Finalizará a finais do mes de xaneiro, coincidindo coa conmemoración do día da paz. O núcleo de vocabulario desta unidade didáctica terá que ver cos animais domésticos e o seu coidado, relacionando esta temática coa paz e a convivencia para extendela non só aos seres humanos, senón tamén a todos os animais, destacando a importancia do benestar animal. A secuencia de adquisición da lectoescritura continuará cos dígrafos "br", "bl", "pr" e "pl", os textos propostos para ler e escoitar (moitos terán que ver co día da paz) aumentarán lixeiramente a súa extensión e complexidade (dependendo do nivel de madurez lectoescritora de cada un e coas correspondentes adaptacións). Realizarán unha pequena investigación sobre benestar animal. A nivel metalingüístico, traballaremos os aumentativos, o nome e o nome propio e a maiúscula.</p>	8	12		X	
6	O desfile de Entroido!	<p>Esta unidade abarcará, aproximadamente, a parte do mes de febreiro previa ás vacacións escolares de Entroido (días 20, 21 e 22 de febreiro de 2023). O vocabulario nuclear terá que ver coa celebración do Entroido, sendo importantes as actividades complementarias organizadas polo EDLG. Tamén trataremos textos multimodais relacionados coa natureza e o seu coidado,</p>	8	11		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	O desfile de Entroido!	dun xeito interdisciplinar. A secuencia de adquisición da lectoescritura continuará cos dígrafos "fr", "fl", "cr" e "cl". Dedicaremos unha ou dúas sesións (dependendo das necesidades no momento) a realizar unha breve investigación, empregando as TIC, das formas que hai noutros países do mundo de celebrar o Entroido. O alumnado compartirá coa clase os resultados da investigación grupal. A nivel metalingüístico, traballaremos os diminutivos, o adxectivo e a maiúscula e o punto.	8	11		X	
7	Horizontes.	Esta unidade abarcará, aproximadamente, o final do mes de febreiro e a primeira metade do mes de marzo. Haberá dous núcleos de vocabulario: o lixo e as consecuencias que ten tiralo na natureza (que estaremos traballando en Ciencias da Natureza) e termos relativos á conmemoración do día da muller (que estaremos traballando en Ciencias Sociais). A secuencia de adquisición da lectoescritura continúa cos dígrafos "gr", "gl", "tr" e "dr". A nivel metalingüístico, traballaremos os sinónimos, o xénero e o número e as palabras con mp e mb.	8	11		X	
8	Un ceo cheo de poesía.	Esta unidade abarcará, aproximadamente, a segunda metade do mes de marzo. Será a última unidade do segundo trimestre, xusto antes das vacacións escolares de Semana Santa. O vocabulario nuclear da unidade estará relacionado coa auga, os lugares onde se almacena, as formas nas que se presenta e a importancia de coidar este recurso tan esencial para a vida. O día 21 de marzo celébrase o día da poesía, polo que os textos propostos nesta unidade serán maiormente poemas. Un exemplo será "Adiós ríos, adiós fontes", de Rosalía de Castro. Pasaremos, en xeral, á fase de consolidación lectoescritora (sempre tendo en conta a diversidade de niveis da aula), repasando as letras e dígrafos que máis se necesiten. A nivel metalingüístico, traballaremos os antónimos, o pronome persoal e a coma.	9	12		X	
9	Unha ventá a outro mundo.	Esta unidade será a primeira do terceiro trimestre, abarcando, aproximadamente, as dúas semanas seguintes ás vacacións escolares de Semana Santa. O vocabulario nuclear estará relacionado cos materiais e coa reciclaxe, e destacará a conmemoración do día do libro (que vincularemos mediante a biblioteca de aula	8	10			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	Unha ventá a outro mundo.	e de centro coa reciclaxe). Visualizaremos carteis publicitarios relacionados coas devanditas temáticas (así como tamén anuncios e outros recursos audiovisuais) e realizaremos un folleto para fomentar a reciclaxe no centro educativo. Continuaremos consolidando a lectoescritura (e reforzando a súa adquisición, para aqueles nenos e nenas que o requiran). A nivel metalingüístico, traballaremos as palabras simples e compostas, o pronome demostrativo e o signo de interrogación.	8	10			X
10	Enerxía creativa.	Esta unidade abarcará, aproximadamente, o final do mes de abril e principios do mes de maio. O vocabulario nuclear da unidade ten que ver coa enerxía (fontes de enerxía e o seu aforro) e coa creatividade e arte, coincidindo coa conmemoración do día das artes galegas. Así, fusionaremos a enerxía coa creatividade (o título da unidade) para crear un cartel no que expoñamos, de forma creativa, catro medidas de aforro enerxético para o colexio (a modo de instrucións, un tipo de texto que traballaremos). Continuaremos a consolidación da lectoescritura, considerando que os textos escritos propostos para ler irán cambiando progresivamente de ter unha fonte cursiva "escolar" a unha fonte "de imprenta". A nivel metalingüístico, traballaremos as familias de palabras, o pronome posesivo e o signo de exclamación.	8	10			X
11	As Letras Galegas de onte, hoxe e mañá.	Esta unidade abarcará, aproximadamente, a segunda metade do mes de maio, coincidindo coa conmemoración do día das Letras Galegas. O vocabulario nuclear da unidade terá que ver co paso do tempo e coa historia e arte de Galicia. Dedicaremos dúas ou tres sesións a traballar sobre o autor Francisco Fernández del Riego, participando nas actividades complementarias que propoña o EDLG e organice o equipo de actividades complementarias e extraescolares. Realizaremos un obradoiro de escritura creativa. A nivel metalingüístico, traballaremos o campo semántico, o verbo e o punto e seguido. Tamén traballaremos a entrevista e a descrición.	8	10			X
12	O punto e final.	A última unidade do curso abarcará, aproximadamente, os días lectivos do mes de xuño, antes de finalizar o curso. O vocabulario nuclear terá que ver co noso	10	12			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
12	O punto e final.	planeta (nomes dos continentes, principais elementos da paisaxe e descrición do seu aspecto), coincidindo coa conmemoración do día mundial do medio ambiente. A nivel metalingüístico, traballaremos a orde alfabética, a oración e o punto e final. Ademais, dedicaremos as últimas sesións a realizar un repaso activo e lúdico de todo o curso, que será de utilidade para complementar a avaliación final, e así poder valorar de forma global o curso académico e reflexionar sobre o mesmo grupalmente. Para rematar o curso, o alumnado realizará un breve texto escrito de planificación das súas vacacións de verán (cousas que queren facer, lugares que queren visitar e "obxectivos" que se propoñen para repasar algunhas cousas de cara a 2º de Primaria).	10	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A aventura no cole comeza hoxe!	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Recoñecer as distintas linguas empregadas na súa contorna a través da interacción coas persoas próximas.	Recoñece o galego e o castelán e, tendo en conta o contexto predominantemente castelanfalante, amosa esforzo e interese por empregar o galego na aula.	TI	100
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Respecta aos seus compañeiros e compañeiras na aula e valora as diferenzas como un factor positivo.		
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e iniciando, de maneira acompañada, a valoración do contido, da información máis relevante e dos elementos non verbais elementais.	Responde cuestións de resposta sinxela e directa tras escoitar un texto oral breve e identifica a súa idea principal.		
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario básico a partir das experiencias e situacións de aula.	Amosa interese por coñecer novo vocabulario en lingua galega.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.	Pide axuda ao docente para resolver os conflitos que aparecen nas interaccións de aula e xestiona a súa resolución en base ao diálogo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Ler en voz alta textos sinxelos de carácter infantil e identificar o sentido global do texto.	Amosa interese pola lectura e identifica a idea principal dun texto apoiándose, dependendo do seu nivel de madurez lectoescritora, nas ilustracións.		
CA3.2 - Desenvolver estratexias para a comprensión lectora de textos axeitados ao nivel: título e ilustracións.	Observa o título e as ilustracións dos textos propostos e formula hipóteses sobre o contido do mesmo.		
CA4.3 - Coñecer, de xeito guiado, o funcionamento da biblioteca de aula ou do centro.	Amosa interese por aprender as normas de funcionamento da biblioteca e formula dúas normas.		
CA5.3 - Apreciar o valor de textos literarios sinxelos (contos, lendas, fábulas, relatos) en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como fonte de lecer e de gozo persoal.	Escoita con interese e aprecia os contos en lingua galega.		
CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartida.	Recoñece os espazos da biblioteca de aula e do centro e respecta o material exposto.		
CA6.5 - Iniciar a adquisición de vocabulario galego a través dos textos.	Identifica novas palabras e pregunta polo seu significado para ampliar o seu vocabulario.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecemento social das dúas linguas oficiais de Galicia. - Uso dunha linguaxe, verbal e non verbal, non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero. - Contexto - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes ou intención) na comunicación oral. - Xéneros discursivos - Interese pola ampliación de vocabulario básico. - Estratexias para a produción, con cohesión e coherencia, de textos orais básicos en lingua galega axeitados a súa idade (normas, contos...). - Procesos: interacción oral - Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos. - Procesos: comprensión oral - Comprensión global de textos orais e multimodais sinxelos de diversa tipoloxía, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e atendendo á forma da mensaxe e procedentes de diversas fontes. - Procesos: produción oral - Interese por expresarse oralmente cunha pronuncia e unha entoación adecuadas, atendendo á particularidade fonética da lingua galega. - Xéneros discursivos

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procesos: comprensión lectora - Lectura en voz alta con entoación e ritmo progresivamente adecuados ao nivel cognitivo. - Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para acadar progresivamente a expresividade. - Uso da biblioteca de aula ou do centro como recurso para a adquisición do hábito lector a través da lectura de textos axeitados ao nivel. - Procesos: produción escrita - Adquisición progresiva da lectoescritura. - Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro. - Inicio na construción da identidade lectora mediante a lectura de breves textos literarios, adaptados á idade. Expresión de gustos e intereses. - Estratexias básicas para a lectura e interpretación acompañada e compartida de textos, participando nas comunidades lectoras de ámbito escolar. - Funcionamento elemental da biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas. - Procedementos elementais de adquisición de vocabulario galego e relación de significado entre unhas palabras e outras.

UD	Título da UD	Duración
2	Chega o Samaín!	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluída unha primeira aproximación ás linguas de signos, valorando a igualdade nas diferenzas.	Respecta ambas as dúas linguas oficiais de Galicia e amosa interese na aproximación á lingua de signos.	TI	100
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario básico a partir das experiencias e situacións de aula.	Amosa interese pola aprendizaxe de novas palabras, preguntando polo seu significado.		
CA2.3 - Identificar, de maneira acompañada, o contido de textos orais e multimodais sinxelos, valorando a información máis relevante.	Escoita textos orais con atención e, mediante conversacións dirixidas e preguntas guiadas, identifica os contidos máis relevantes.		
CA2.6 - Participar en interaccións orais, espontáneas ou dirixidas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente incorporando estratexias elementais de escoita activa.	Respecta aos seus compañeiros e compañeiras nas interaccións orais básicas (assembleas de ideas, 1-2-4 e outras estruturas cooperativas).		
CA3.1 - Ler en voz alta textos sinxelos de carácter infantil e identificar o sentido global do texto.	Le en voz alta textos breves e sinxelos nos que sexan protagonistas as primeiras letras da secuencia de aprendizaxe (vogais e "p", "l", "m", "s"...) e extrae a idea global do texto.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Adquirir o hábito lector e o gusto pola lectura a través da lectura de textos axeitados ao nivel.	Amosa interese polas lecturas en voz alta realizadas polo docente en determinadas sesións e tamén nas horas de lectura.		
CA3.8 - Coñecer, de forma xeral e acompañada, a organización e funcionamento das bibliotecas de aula e de centro, amosando interese por formar unha pequena biblioteca propia con textos tradicionais da literatura galega.	Respecta as normas da biblioteca de aula e do centro e valora a fortuna que teñen de poder contar cun espazo tan amplo de biblioteca no seu centro.		
CA4.6 - Colaborar en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias de lectura compartida.	Amosa unha actitude participativa nas primeiras aproximacións ás experiencias de lectura compartida (comezando pola lectura en voz alta por parte do docente recollida no Proxecto Lector do centro).		
CA5.1 - Ler de maneira acompañada textos de distintos autores e autoras da literatura galega, acordos cos seus gustos e intereses, tendo en conta as diferentes etapas do proceso evolutivo da lectura.	Amosa interese por acudir á biblioteca de centro ou de aula e selecciona libros segundo os seus gustos e intereses.		
CA5.6 - escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil, especialmente en lingua galega, que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacións elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas e culturais.	Escoita un texto oral de carácter narrativo e é capaz de relacionar os acontecementos ou sucesos presentados cunha serie de imaxes.		
CA6.5 - Iniciar a adquisición de vocabulario galego a través dos textos.	Le ou realiza unha aproximación á lectura de textos e pregunta polo significado de palabras novas que atope e identifique.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Biografía lingüística persoal e da súa contorna. - Contexto - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes ou intención) na comunicación oral. - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma). - Procesos: interacción oral - Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente. - Procesos: comprensión oral - Comprensión global de textos orais e multimodais sinxelos de diversa tipoloxía, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e atendendo á forma da mensaxe e procedentes de diversas fontes. - Procesos: produción oral - Interese por expresarse oralmente cunha pronuncia e unha entoación adecuadas, atendendo á particularidade fonética da lingua galega.

Contidos

- Contexto
- Estratexias para a planificación e produción de textos básicos, en lingua galega, axeitados a súa idade (normas, contos...).
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
- Elementos básicos de contido (tema, fórmulas fixas).
- Procesos: comprensión lectora
- Lectura en voz alta con entoación e ritmo progresivamente adecuados ao nivel cognitivo.
- Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para acadar progresivamente a expresividade.
- Uso da biblioteca de aula ou do centro como recurso para a adquisición do hábito lector a través da lectura de textos axeitados ao nivel.
- Inicio no coñecemento básico respecto da organización e funcionamento das bibliotecas de aula e de centro e na creación dunha biblioteca propia e persoal con textos da literatura galega.
- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica.
- Procesos: produción escrita
- Adquisición progresiva da lectoescritura.
- Elementos gráficos e paratextuais sinxelos, como as ilustracións, que facilitan a comprensión do texto.
- Iniciación nas regras ortográficas básicas, con especial atención ao uso do punto e das maiúsculas.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro.
- Colaboración en comunidades lectoras escolares a través de experiencias lectoras compartidas.
- Lectura acompañada de obras sinxelas e variadas da literatura infantil, especialmente en lingua galega, adecuadas aos seus intereses.
- Inicio na construción da identidade lectora mediante a lectura de breves textos literarios, adaptados á idade. Expresión de gustos e intereses.
- Estratexias básicas para a lectura e interpretación acompañada e compartida de textos, participando nas comunidades lectoras de ámbito escolar.
- Funcionamento elemental da biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.
- Coñecemento e lectura guiada de textos literarios sinxelos en galego e de contos tradicionais como fonte de lecer e gozo persoal.
- Creación de breves relatos e contos infantís en galego, a partir de modelos básicos, coidando a limpeza e a presentación.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Procedementos elementais de adquisición de vocabulario galego e relación de significado entre unhas palabras e outras.

UD	Título da UD	Duración
3	Rutinas, lugares e linguas!	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Recoñecer, de maneira acompañada e en contextos próximos, algúns prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais moi frecuentes, en especial os relacionados co galego/castelán, a partir da observación da contorna.	Recoñece o estatus do galego como lingua minorizada e ten consciencia da necesidade de aprender e empregar a lingua.	TI	100
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e iniciando, de maneira acompañada, a valoración do contido, da información máis relevante e dos elementos non verbais elementais.	Escoita textos orais sinxelos e recoñece, mediante preguntas guiadas e conversacións dirixidas, a idea principal e algunhas ideas secundarias.		
CA2.5 - Producir textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada e utilizando recursos non verbais elementais.	Produce un texto oral espontáneo sobre unha temática do seu interese, acompañando con linguaxe non verbal básica o discurso.		
CA3.2 - Desenvolver estratexias para a comprensión lectora de textos axeitados ao nivel: título e ilustracións.	Observa o título e as ilustracións dun texto e formula hipóteses sobre o contido do mesmo.		
CA3.5 - Empregar a lectura de textos infantís sinxelos, en lingua galega, para favorecer unha comunicación máis eficaz, aplicando os coñecementos básicos respecto do vocabulario e das regras de ortografía.	Coñece as diferenzas entre o abecedario en galego e en castelán e algunhas particularidades no xénero e o número dos artigos determinados.		
CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Emprega, de forma guiada, un motor de búsqueda e recoñece unha fonte de información.		
CA5.2 - Compartir oralmente e de forma acompañada a experiencia da lectura e o seu gozo, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Participa activamente nas lecturas compartidas na aula.		
CA5.3 - Apreciar o valor de textos literarios sinxelos (contos, lendas, fábulas, relatos) en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como fonte de lecer e de gozo persoal.	Amosa interese na escoita e aproximación á lectura de lendas e pequenos relatos.		
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Recoñece as principais diferenzas nas linguas empregadas no ámbito escolar: galego, castelán e inglés.		
CA6.5 - Iniciar a adquisición de vocabulario galego a través dos textos.	Le ou realiza unha aproximación á lectura de textos e pregunta polo significado de palabras novas que atope e identifique.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Valoración da diversidade da lingua na súa contorna.
- A diversidade etnocultural e lingüística no contexto escolar e familiar.
- Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres.
- Contexto
- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes ou intención) na comunicación oral.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
- Elementos básicos de contido (tema, léxico).
- Estratexias para a produción, con cohesión e coherencia, de textos orais básicos en lingua galega axeitados a súa idade (normas, contos...).
- Procesos: interacción oral
- Estratexias para o recoñecemento e interpretación de forma acompañada da información xeral de textos sinxelos adecuados á idade.
- Procesos: comprensión oral
- Comprensión global de textos orais e multimodais sinxelos de diversa tipoloxía, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e atendendo á forma da mensaxe e procedentes de diversas fontes.
- Recoñecemento e valoración do contido de textos orais e multimodais sinxelos, da información máis relevante e dos elementos básicos da comunicación non verbal.
- Procesos: produción oral
- Creación de textos orais básicos nos que utilicen unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Construción e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais sinxelos.
- Contexto
- Estratexias para a planificación e produción de textos básicos, en lingua galega, axeitados a súa idade (normas, contos...).
- Incidencia dos compoñentes (situación e participantes) no acto comunicativo.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
- Elementos básicos de contido (tema, fórmulas fixas).
- Estratexias para a comprensión lectora de textos, da literatura galega, axeitados ao nivel: título e ilustracións.
- Procesos: comprensión lectora
- Lectura en voz alta con entoación e ritmo progresivamente adecuados ao nivel cognitivo.
- Elementos gráficos e paratextuais sinxelos que facilitan a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.

Contidos

- Valoración da lectura de textos sinxelos, especialmente en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario, aplicando os coñecementos básicos das normas ortográficas.
- Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para acadar progresivamente a expresividade.
- Procesos: produción escrita
- Adquisición progresiva da lectoescritura.
- Estratexias básicas para a comprensión ou produción de textos sinxelos de uso social.
- Iniciación nas regras ortográficas básicas, con especial atención ao uso do punto e das maiúsculas.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Estratexias básicas para o inicio guiado na procura da localización, selección e contraste de información sinxela e na comparación da información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.
- Lectura acompañada de obras sinxelas e variadas da literatura infantil, especialmente en lingua galega, adecuadas aos seus intereses.
- Funcionamento elemental da biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.
- Estratexias para a interpretación acompañada e compartida de obras sinxelas en galego, a través de conversacións dirixidas.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Diferenzas elementais entre lingua oral e lingua escrita na lingua galega.
- Estratexias básicas de recoñecemento da intención comunicativa.
- Procedementos elementais de adquisición de vocabulario galego e relación de significado entre unhas palabras e outras.

UD	Título da UD	Duración
4	Vivir na Coruña: que bonito é!	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta un recoñecemento social equilibrado das dúas linguas oficiais.	Amosa rexeitamento pola discriminación e compromiso coas normas de convivencia. Recoñece a importancia de empregar o galego e o castelán de forma equilibrada.	TI	100
CA2.4 - Reproducir textos orais sinxelos e próximos aos seus gustos e intereses.	Escoita un texto oral sinxelo e reproduce a súa idea principal.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Comprender o sentido global de distintos tipos de textos adaptados á súa idade, valorando a lectura como medio de adquisición de vocabulario, como gozo persoal, a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura.	Emprega as seguintes estratexias básicas: - Antes da lectura: observar o título, as ilustracións e identificar a sinopse. - Durante a lectura: preguntar polo significado de palabras que non coñece. - Despois da lectura: formula preguntas e extrae a idea principal mediante conversacións dirixidas.		
CA3.7 - Elaborar, con axuda, textos escritos e multimodais sinxelos, en lingua galega, propios do ámbito escolar e textos infantís breves e sinxelos a partir de modelos dados, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.	Elabora un conto sinxelo (con predominancia de imaxes), con guía docente, comezando por un esbozo, planificando a historia que quere contar e revisando o texto sinxelo que escribise.		
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación grupal sinxelo, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira acompañada, que implique a selección de distintas fontes documentais para a procura da información.	Comparte os resultados dunha investigación grupal sinxela respectando as quendas de intervención.		
CA5.1 - Ler de maneira acompañada textos de distintos autores e autoras da literatura galega, acordos cos seus gustos e intereses, tendo en conta as diferentes etapas do proceso evolutivo da lectura.	Amosa interese pola lectura de diferentes textos da selección da biblioteca de centro e de aula.		
CA5.7 - Interpretar textos e obras variadas da literatura infantil adecuadas ao nivel e intereses (contos, lendas e adiviñas), recoñecéndooas como fonte de pracer e inspiración para a creación de textos de intención literaria.	Formula adiviñas e participa activamente nunha breve dramatización dun conto.		
CA6.2 - Producir en galego, de maneira acompañada, textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados.	Elabora un breve texto no que reflexione brevemente e de forma guiada (e con apoio simbólico e pictográfico) sobre os contidos traballados na área durante o primeiro trimestre.		
CA6.5 - Iniciar a adquisición de vocabulario galego a través dos textos.	Le ou realiza unha aproximación á lectura de textos e pregunta polo significado de palabras novas que atope e identifique.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres. - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma). - Elementos básicos de contido (tema, léxico). - Interese pola ampliación de vocabulario básico. - Estratexias para a produción, con cohesión e coherencia, de textos orais básicos en lingua galega axeitados a súa idade (normas, contos...).

Contidos

- Procesos: interacción oral
- Estratexias para o recoñecemento e interpretación de forma acompañada da información xeral de textos sinxelos adecuados á idade.
- Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente.
- Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos.
- Procesos: comprensión oral
- Comprensión global de textos orais e multimodais sinxelos de diversa tipoloxía, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e atendendo á forma da mensaxe e procedentes de diversas fontes.
- Recoñecemento e valoración do contido de textos orais e multimodais sinxelos, da información máis relevante e dos elementos básicos da comunicación non verbal.
- Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel, de xeito acompañado, que estimulen o seu interese e gustos.
- Procesos: produción oral
- Construción e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais sinxelos.
- Interese por expresarse oralmente cunha pronuncia e unha entoación adecuadas, atendendo á particularidade fonética da lingua galega.
- Contexto
- Estratexias para a planificación e produción de textos básicos, en lingua galega, axeitados a súa idade (normas, contos...).
- Incidencia dos compoñentes (situación e participantes) no acto comunicativo.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
- Elementos básicos de contido (tema, fórmulas fixas).
- Estratexias para a comprensión lectora de textos, da literatura galega, axeitados ao nivel: título e ilustracións.
- Procesos: comprensión lectora
- Lectura en voz alta con entoación e ritmo progresivamente adecuados ao nivel cognitivo.
- Elementos gráficos e paratextuais sinxelos que facilitan a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Estratexias básicas para adquisición de habilidades en procesos de comprensión de textos sinxelos en lingua galega.
- Valoración da lectura de textos sinxelos, especialmente en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario, aplicando os coñecementos básicos das normas ortográficas.
- Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para acadar progresivamente a expresividade.
- Procesos: produción escrita
- Adquisición progresiva da lectoescritura.
- Estratexias básicas para a comprensión ou produción de textos sinxelos de uso social.

Contidos

- Elementos gráficos e paratextuais sinxelos, como as ilustracións, que facilitan a comprensión do texto.
- Estratexias básicas para a mellora da expresión escrita en lingua galega.
- Iniciación na produción de textos escritos básicos en galego a partir dunha planificación guiada con coherencia e cooidando a presentación, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.
- Estratexias básicas para o inicio guiado na procura da localización, selección e contraste de información sinxela e na comparación da información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.
- Valoración da elaboración e comunicación da información recollida de fontes sinxelas.
- Lectura acompañada de obras sinxelas e variadas da literatura infantil, especialmente en lingua galega, adecuadas aos seus intereses.
- Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
- Estratexias básicas para a lectura e interpretación acompañada e compartida de textos, participando nas comunidades lectoras de ámbito escolar.
- Coñecemento e lectura guiada de textos literarios sinxelos en galego e de contos tradicionais como fonte de lecer e gozo persoal.
- Comprensión, memorización e recitado de poemas sinxelos.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Diferenzas elementais entre lingua oral e lingua escrita na lingua galega.
- Estratexias para a transformación guiada de palabras e enunciados entre distintas linguas da contorna escolar.
- Signos básicos de puntuación como mecanismo para organizar o texto escrito.
- Estratexias básicas de recoñecemento da intención comunicativa.
- Procedementos elementais de adquisición de vocabulario galego e relación de significado entre unhas palabras e outras.

UD	Título da UD	Duración
5	Paz, convivencia e diversidade.	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta un recoñecemento social equilibrado das dúas linguas oficiais.	Amosa rexeitamento pola discriminación e compromiso coas normas de convivencia. Recoñece a importancia de empregar o galego e o castelán de forma equilibrada.	TI	100
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Respecta aos seus compañeiros e compañeiras na aula e valora as diferenzas como un factor positivo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Identificar, de maneira acompañada, o contido de textos orais e multimodais sinxelos, valorando a información máis relevante.	Escoita textos orais con atención e, mediante conversacións dirixidas e preguntas guiadas, identifica os contidos máis relevantes.		
CA2.6 - Participar en interaccións orais, espontáneas ou dirixidas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente incorporando estratexias elementais de escoita activa.	Respecta aos seus compañeiros e compañeiras nas interaccións orais básicas (assembleas de ideas, 1-2-4 e outras estruturas cooperativas).		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.	Amosa iniciativa para resolver os conflitos que aparecen nas interaccións de aula e xestiona a súa resolución en base ao diálogo.		
CA3.1 - Ler en voz alta textos sinxelos de carácter infantil e identificar o sentido global do texto.	Amosa interese pola lectura e identifica o sentido global dun texto apoiándose no texto ou, dependendo do seu nivel de madurez lectoescritora, nas ilustracións.		
CA3.9 - Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico non discriminatorio.	Emprega linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas persoas que forman parte da comunidade educativa.		
CA3.10 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios, identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Reflexiona grupalmente sobre palabras e frases discriminatorias que se empregan na linguaxe.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais en relación coa busca e a comunicación da información, utilizando, de xeito guiado, programas e aplicacións educativas.	Identifica as tecnoloxías dixitais e coñece e explica tres hábitos de emprego seguro e saudable.		
CA5.5 - Reproducir, de xeito acompañado, e a partir de modelos dados, textos literarios sinxelos.	Emprega un modelo e realiza preguntas sobre o mesmo para reproducir un texto literario sinxelo.		
CA5.6 - Escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil, especialmente en lingua galega, que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacións elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas e culturais.	Escoita ou le un texto oral ou escrito e establece, como mínimo, unha relación con outras manifestacións artísticas ou culturais.		
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Recoñece algunhas semellanzas e diferenzas das linguas empregadas no ámbito escolar: galego, castelán e inglés.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
CA3.10 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios, identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Reflexiona grupalmente sobre palabras e frases discriminatorias que se empregan na linguaxe e pensa en estratexias para evitar o seu uso.		
CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Emprega un motor de búsqueda e recoñece e contrasta de forma guiada dúas fontes de información que tratan sobre a mesma temática. Cita unha fonte a partir dun modelo dado.		
CA4.6 - Colaborar en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias de lectura compartida.	Amosa unha actitude participativa nas experiencias de lectura compartida que se leven a cabo no marco da celebración das Letras Galegas.		
CA5.3 - Apreciar o valor de textos literarios sinxelos (contos, lendas, fábulas, relatos) en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como fonte de lecer e de gozo persoal.	Escoita e le con interese os contos, lendas, fábulas e relatos en lingua galega.		
CA5.6 - Escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil, especialmente en lingua galega, que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacións elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas e culturais.	Escoita ou le un texto oral ou escrito e establece, como mínimo, unha relación con outras manifestacións artísticas ou culturais.		
CA6.5 - Iniciar a adquisición de vocabulario galego a través dos textos.	Pregunta polo significado de novas palabras que aparezan nos textos para ampliar o seu vocabulario.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Biografía lingüística persoal e da súa contorna. - Valoración da diversidade da lingua na súa contorna. - Recoñecemento social das dúas linguas oficiais de Galicia. - Identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais a partir da observación da contorna. - Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres.

Contidos

- Contexto
- Xéneros discursivos
- Elementos básicos de contido (tema, léxico).
- Interese pola ampliación de vocabulario básico.
- Procesos: interacción oral
- Estratexias para o recoñecemento e interpretación de forma acompañada da información xeral de textos sinxelos adecuados á idade.
- Procesos: comprensión oral
- Comprensión global de textos orais e multimodais sinxelos de diversa tipoloxía, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e atendendo á forma da mensaxe e procedentes de diversas fontes.
- Recoñecemento e valoración do contido de textos orais e multimodais sinxelos, da información máis relevante e dos elementos básicos da comunicación non verbal.
- Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel, de xeito acompañado, que estimulen o seu interese e gustos.
- Detección de usos claramente discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal en anuncios, carteis publicitarios, e de discriminación polo uso do galego como lingua de comunicación.
- Procesos: produción oral
- Creación de textos orais básicos nos que utilicen unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Construción e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais sinxelos.
- Interese por expresarse oralmente cunha pronuncia e unha entoación adecuadas, atendendo á particularidade fonética da lingua galega.
- Contexto
- Estratexias para a planificación e produción de textos básicos, en lingua galega, axeitados a súa idade (normas, contos...).
- Incidencia dos compoñentes (situación e participantes) no acto comunicativo.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
- Elementos básicos de contido (tema, fórmulas fixas).
- Estratexias para a comprensión lectora de textos, da literatura galega, axeitados ao nivel: título e ilustracións.
- Procesos: comprensión lectora
- Lectura en voz alta con entoación e ritmo progresivamente adecuados ao nivel cognitivo.
- Elementos gráficos e paratextuais sinxelos que facilitan a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Estratexias básicas para adquisición de habilidades en procesos de comprensión de textos sinxelos en lingua galega.
- Valoración da lectura de textos sinxelos, especialmente en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario,

Contidos

- aplicando os coñecementos básicos das normas ortográficas.
- Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para acadar progresivamente a expresividade.
- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica.
- Procesos: produción escrita
- Adquisición progresiva da lectoescritura.
- Elementos gráficos e paratextuais sinxelos, como as ilustracións, que facilitan a comprensión do texto.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Estratexias básicas para o inicio guiado na procura da localización, selección e contraste de información sinxela e na comparación da información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.
- Valoración da elaboración e comunicación da información recollida de fontes sinxelas.
- Modelos explícitos para comunicar a información.
- Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro.
- Recoñecemento de forma acompañada da autoría de escritores e escritoras galegos e galegas.
- Construción da identidade lectora a partir da lectura de textos de diversas fontes de información.
- Colaboración en comunidades lectoras escolares a través de experiencias lectoras compartidas.
- Lectura acompañada de obras sinxelas e variadas da literatura infantil, especialmente en lingua galega, adecuadas aos seus intereses.
- Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
- Inicio na construción da identidade lectora mediante a lectura de breves textos literarios, adaptados á idade. Expresión de gustos e intereses.
- Estratexias básicas para a lectura e interpretación acompañada e compartida de textos, participando nas comunidades lectoras de ámbito escolar.
- Coñecemento e lectura guiada de textos literarios sinxelos en galego e de contos tradicionais como fonte de lecer e gozo persoal.
- Comprensión, memorización e recitado de poemas sinxelos.
- Creación de breves relatos e contos infantís en galego, a partir de modelos básicos, coidando a limpeza e a presentación.
- Relación dos textos lidos da literatura infantil galega con outras manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a interpretación acompañada e compartida de obras sinxelas en galego, a través de conversacións dirixidas.
- Diferenzas elementais entre lingua oral e lingua escrita na lingua galega.
- Estratexias básicas de recoñecemento da intención comunicativa.
- Procedementos elementais de adquisición de vocabulario galego e relación de significado entre unhas palabras e outras.

UD	Título da UD	Duración
12	O punto e final.	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Recoñecer as distintas linguas empregadas na súa contorna a través da interacción coas persoas próximas.	Recoñece o galego e o castelán e, tendo en conta o contexto predominantemente castelanfalante, amosa esforzo e interese por empregar o galego na aula.	TI	100
CA2.5 - Producir textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada e utilizando recursos non verbais elementais.	Produce un texto oral espontáneo sobre unha temática proposta, acompañando con linguaxe non verbal o discurso.		
CA2.6 - Participar en interaccións orais, espontáneas ou dirixidas, respectando as normas básicas da cortésia lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente incorporando estratexias elementais de escoita activa.	Respecta aos seus compañeiros e compañeiras nas interaccións orais básicas (assembleas de ideas, 1-2-4 e outras estruturas cooperativas) e reflexiona sobre as propias normas establecidas para a participación.		
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido de textos escritos sinxelos axeitados ao seu nivel e os aspectos formais e non verbais de textos infantís sinxelos.	Extrae, con axuda, a idea principal e dúas ideas secundarias do contido de textos sinxelos e adecuados para a súa idade.		
CA3.7 - Elaborar, con axuda, textos escritos e multimodais sinxelos, en lingua galega, propios do ámbito escolar e textos infantís breves e sinxelos a partir de modelos dados, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.	Elabora, con axuda e a partir dun modelo dado, un texto sinxelo e breve sobre unha temática relacionada co vocabulario nuclear da unidade.		
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación grupal sinxelo, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira acompañada, que implique a selección de distintas fontes documentais para a procura da información.	Comparte os resultados dunha investigación grupal sinxela respectando as quendas de intervención.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais en relación coa busca e a comunicación da información, utilizando, de xeito guiado, programas e aplicacións educativas.	Recoñece e explica tres hábitos de uso crítico e seguro das tecnoloxías dixitais en relación coa busca e a comunicación da información.		
CA5.3 - Apreciar o valor de textos literarios sinxelos (contos, lendas, fábulas, relatos) en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como fonte de lecer e de gozo persoal.	Escoita e le con interese os contos, lendas, fábulas e relatos en lingua galega.		
CA5.5 - Reproducir, de xeito acompañado, e a partir de modelos dados, textos literarios sinxelos.	Emprega un modelo e realiza preguntas sobre o mesmo para reproducir un texto literario sinxelo.		
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Recoñece as principais diferenzas nas linguas empregadas no ámbito escolar: galego, castelán e inglés.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.2 - Producir en galego, de maneira acompañada, textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados.	Elabora un breve conto, axustándose a un modelo dado, e con apoio pictográfico dependendo do seu nivel de adquisición da lectoescritura.		
CA6.4 - Revisar e mellorar os textos propios e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira acompañada, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística, usando a terminoloxía lingüística básica adecuada.	Aplica un mecanismo de revisión e mellora dun breve texto escrito.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A diversidade etnocultural e lingüística no contexto escolar e familiar. - Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres. - Uso dunha linguaxe, verbal e non verbal, non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero. - Contexto - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes ou intención) na comunicación oral. - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma). - Elementos básicos de contido (tema, léxico). - Interese pola ampliación de vocabulario básico. - Estratexias para a produción, con cohesión e coherencia, de textos orais básicos en lingua galega axeitados a súa idade (normas, contos...). - Procesos: interacción oral - Estratexias para o recoñecemento e interpretación de forma acompañada da información xeral de textos sinxelos adecuados á idade. - Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente. - Procesos: comprensión oral - Comprensión global de textos orais e multimodais sinxelos de diversa tipoloxía, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e atendendo á forma da mensaxe e procedentes de diversas fontes. - Recoñecemento e valoración do contido de textos orais e multimodais sinxelos, da información máis relevante e dos elementos básicos da comunicación non verbal. - Procesos: produción oral - Creación de textos orais básicos nos que utilicen unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. - Interese por expresarse oralmente cunha pronuncia e unha entoación adecuadas, atendendo á particularidade fonética da lingua galega.

Contidos

- Contexto
- Estratexias para a planificación e produción de textos básicos, en lingua galega, axeitados a súa idade (normas, contos...).
- Incidencia dos compoñentes (situación e participantes) no acto comunicativo.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
- Elementos básicos de contido (tema, fórmulas fixas).
- Estratexias para a comprensión lectora de textos, da literatura galega, axeitados ao nivel: título e ilustracións.
- Procesos: comprensión lectora
- Lectura en voz alta con entoación e ritmo progresivamente adecuados ao nivel cognitivo.
- Elementos gráficos e paratextuais sinxelos que facilitan a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Estratexias básicas para adquisición de habilidades en procesos de comprensión de textos sinxelos en lingua galega.
- Valoración da lectura de textos sinxelos, especialmente en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario, aplicando os coñecementos básicos das normas ortográficas.
- Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para acadar progresivamente a expresividade.
- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica.
- Procesos: produción escrita
- Adquisición progresiva da lectoescritura.
- Estratexias básicas para a comprensión ou produción de textos sinxelos de uso social.
- Iniciación na produción de textos escritos básicos en galego a partir dunha planificación guiada con coherencia e coidando a presentación, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.
- Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Iniciación nas regras ortográficas básicas, con especial atención ao uso do punto e das maiúsculas.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Valoración da elaboración e comunicación da información recollida de fontes sinxelas.
- Modelos explícitos para comunicar a información.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura de información, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Recoñecemento de forma acompañada da autoría de escritores e escritoras galegos e galegas.
- Construción da identidade lectora a partir da lectura de textos de diversas fontes de información.
- Lectura acompañada de obras sinxelas e variadas da literatura infantil, especialmente en lingua galega, adecuadas aos seus intereses.

Contidos

- Inicio na construción da identidade lectora mediante a lectura de breves textos literarios, adaptados á idade. Expresión de gustos e intereses.
- Estratexias básicas para a lectura e interpretación acompañada e compartida de textos, participando nas comunidades lectoras de ámbito escolar.
- Coñecemento e lectura guiada de textos literarios sinxelos en galego e de contos tradicionais como fonte de lecer e gozo persoal.
- Creación de breves relatos e contos infantís en galego, a partir de modelos básicos, coidando a limpeza e a presentación.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Diferenzas elementais entre lingua oral e lingua escrita na lingua galega.
- Estratexias para a transformación guiada de palabras e enunciados entre distintas linguas da contorna escolar.
- Signos básicos de puntuación como mecanismo para organizar o texto escrito.
- Recoñecemento da existencia de distintos tipos de palabras e enunciados e as relacións de concordancia entre elas, a partir da observación, comparación e transformación.
- Mecanismos básicos de cohesión e coherencia textual para producir textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados.
- Estratexias básicas de recoñecemento da intención comunicativa.
- Procedementos elementais de adquisición de vocabulario galego e relación de significado entre unhas palabras e outras.

4.1. Concrecións metodolóxicas

O Decreto 155/2022 afirma que as aprendizaxes de Lingua Galega e Literatura non poden concibirse, de ningún xeito, como a mera transmisión e recepción de contidos disciplinares; senón que deben entenderse como un proceso en construción e baseado na reflexión e na análise acompañada, cuxo fin último é formar persoas capaces de comunicarse de maneira eficaz e ética.

Á hora de poñer en práctica esta afirmación na realidade da aula, a metodoloxía é a ferramenta principal, por ser o conxunto de estratexias e accións organizadas que o profesorado planifica de forma consciente e reflexiva para posibilitar a aprendizaxe do alumnado. A metodoloxía supón a oportunidade de motivar a todo o alumnado a continuar o seu proceso de aprendizaxe.

Mel Ainscow, experto mundial en inclusión, comezaba en 2019 unha conferencia na Universidade de Manchester dicindo que a inclusión é o maior reto que teñen as escolas. Unha escola de calidade ten que afrontar os retos, non evitalos, por iso a inclusión é un dos piares metodolóxicos desta programación. Para conseguir abordar en conxunto a inclusión e a atención á diversidade, a resposta está no Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA), con referentes a nivel internacional como David Rose e Anne Meyer; e a nivel nacional como Alba Pastor e Coral Elizondo.

Precisamente a inclusión e o DUA deben ser os piares que sustenten toda acción educativa, e destes deben ramificarse unha serie de concrecións metodolóxicas adecuadas á idade do alumnado.

Tendo en conta a enorme importancia que ten a progresiva adquisición da lectoescritura para o alumnado de 1º de Primaria, unha das concrecións metodolóxicas principais será a animación á lectura. O alumnado ten que ver a lectura como unha actividade lúdica e unha fonte de gozo persoal.

Segundo a Carmen Domech, a animación á lectura é unha actividade que se propón o acercamento do neno ou nena ao libro dunha forma creativa, lúdica e pracenteira. José Quintala afirma que a tarefa docente principal como

animador ou animadora á lectura é a de mediación, como favorecedor do contacto do neno ou nena co libro. Esta acción mediadora potencia a actividade lectora, provocando a recreación persoal e organizando experiencias de lectura persoal e compartidas.

Existen moitas técnicas de animación á lectura, pero destacaríase para empregar co alumnado ao que vai destinada esta programación as de impregnación, que pretenden empapar o ambiente de todo o que signifique lectura mediante:

- Rotulación creativa na aula e nos espazos do centro, promovendo a creación de eslóganés para colocar carteis pro-lectura a través de concursos, mostras e confección na aula.
- Promoción do libro como premio e agasallo: aniversario, Nadal, amigo/a invisible, homenaxes...
- Conmemoracións e actos relacionados coa lectura e o libro: aniversarios de autores e autoras, Día do Libro, Día das Bibliotecas...
- Promover o emprego de recursos audiovisuais para impulsar a lectura, integrando as TIC nas diferentes actividades: libros de imaxes para prelectores enriquecidos con textos, audiovisuais interactivos, contos e libros en formato dixital...

Ademais, partindo do que establece o Decreto 155/2022 na introdución que realiza para a área de Lingua Galega, outras concrecións metodolóxicas son:

- Aprendizaxe colaborativa. Normalmente, será levada a cabo en grupos heteroxéneos de catro persoas. A complexidade do traballo colaborativo irá crescendo ao longo do curso, a medida que o alumnado avance na xestión dos seus recursos e dos conflitos que poidan aparecer. Así, será moi guiado ao principio, buscando unha progresiva autonomía. Esta aprendizaxe colaborativa estará intercalada con momentos nos que se aplicarán estruturas cooperativas. Estas son un paso intermedio entre a aprendizaxe colaborativa e a cooperativa, xa que esta última require de moitas condicións complexas para cumprilas en 1º de Primaria: para falar de aprendizaxe cooperativa, o profesorado ten que realizar unha función proactiva, distribuír ao alumnado en grupos, propoñer normas e repartir roles, entre outros aspectos. Algunhas estruturas cooperativas a aplicar serán "1-2-4", "Equipos de oíntes", "Folio xiratorio", "Lapis ao centro", "Xemellos lectores", "Reparte e aprende", "Coñecemos palabras xuntas" ou "Rallyrobin e Roundrobin".

- Desenvolvemento do pensamento crítico. Destacaremos nesta área a importancia de ser críticos coas fontes de información que consultemos, así como tamén nas nosas producións orais e escritas. Deste modo, procuraremos que o alumnado formule preguntas sobre a información que se lle expón e contraste fontes para verificar información, aspecto onde interveñen, con moita forza, as TIC. Nunha sociedade na que a exposición ás "fake news" aumenta exponencialmente, é fundamental desenvolver o pensamento crítico do alumnado desde estas idades.

- Escritura creativa. É necesario diferenciar ben entre o que é a escritura mecánica e a expresión ou composición escrita. Ajuriaguerra (1984) establece tres fases na aprendizaxe da escritura, referíndose á escritura mecánica, e o noso alumnado atópase polo momento na fase precaligráfica, polo que a produción escrita non será longa e complexa. O alumnado nesta etapa ten que esforzarse pola regularidade da escritura, que é bastante lenta e con letra desigual. Aínda así, é posible traballar a escritura creativa con nenos e nenas desta idade, facendo unha combinación cun elemento tan poderoso como é a imaxe. A motivación é o factor máis importante, a clase debe ser un laboratorio onde predomine o entusiasmo pola actividade escrita. Así, aplicaranse estratexias como o emprego de viñetas ou historietas e cazas do tesouro, para chegar a empregar palabras soltas como disparadoras da actividade escrita cara o terceiro trimestre.

- Alfabetizacións múltiples. O servizo de cooperación territorial e innovación educativa do Ministerio de Educación recolle que alfabetización é a acción e efecto de alfabetizar, e alfabetizar é ensinar a alguén a ler e a escribir. Esta definición recolle dúas destrezas básicas e imprescindibles que toda persoa ten dereito a saber e que constitúen a base da aprendizaxe ao longo de toda a vida. Ambas destrezas están unidas no termo "lectoescritura", que se define como a "habilitade de identificar, comprender, expresar, crear e interpretar conceptos, sentimentos, feitos e opinións de forma oral e escrita, mediante materiais visuais, sonoros ou de audio e dixitais nas distintas disciplinas e contextos. Durante e despois deste proceso de ensino-aprendizaxe da lectoescritura, deben potenciarse as alfabetizacións múltiples (visual, dixital, informacional e mediática), entendidas estas como a comprensión, utilización e avaliación crítica de diferentes formas e fontes de información, incluídos os textos e as imaxes, escritos, impresos ou en versión electrónica. Traballar as alfabetizacións múltiples está directamente relacionado co desenvolvemento do pensamento crítico. Neste primeiro curso, será importante destacar a procura de información sinxela en fontes bibliográficas impresas e dixitais, e comezar a introducir o contraste entre as diferentes informacións, para o que se

introducirán actividades breves e lúdicas nas que o alumnado poida aprender o traballo das verificadoras de información ou "fact-checkers" (con dinámicas como, por exemplo, que redacten un breve titular para unha noticia sinxela en grupos e que observen como poden chegar a interpretarse de forma diferente segundo quen o redacta e a información que destaca do corpo da noticia).

- Gamificación. A gamificación gañou terreo nos últimos anos grazas ao seu carácter lúdico, demostrando diferentes profesionais como Miralles Martínez e Gómez Carrasco (2020) que o seu éxito repercute na motivación do alumnado, sendo esta unha das súas máis aclamadas potencialidades. Así, en cada unidade didáctica haberá diversas actividades gamificadas. Por exemplo, para consolidar as aprendizaxes sobre o artigo determinado, elaboraranse catro carteis, e en cada un figurará un dos artigos determinados. Catro alumnos e alumnas sosterán un cartel diante da clase e, o resto, deberá meter a man nunha pequena bolsa da que deberán sacar dúas tiras de papel con palabras que estarán escritas nunha pauta e que deberán repasar. Lerán as palabras e, por quendas, entregarán a palabra ao neno ou nena que teña o cartel co artigo determinado correspondente.

- Autoavaliación e coavaliación do alumnado. Ao rematar cada unidade didáctica, como mínimo, realizaremos unha asemblea de autoavaliación e coavaliación na que trataremos as seguintes cuestións:

- Que aprendín? Como aprendín?
- Que me resultou máis difícil e teño que mellorar?
- Como me sentín? Que foi o que máis me gustou?
- Como foi a relación coas miñas compañeiras e compañeiros?
- Realizamos ben a tarefa en equipo, organizámonos ben?
- Podo axudar? Deixo que me axuden?

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Tarxetas de vocabulario
Láminas de expresión oral
Láminas de creación de contos
Láminas de presentación de personaxes
Láminas de elaboración de descrições
Láminas de lectura prosódica de poemas
Láminas de regras ortográficas
O xogo das palabras
Mural do abecedario
Recursos dixitais
Materias e recursos elaborados por parte da persoa docente

Antes de describir cada un dos materiais propostos, hai que destacar que todos serán empregados con guía e axuda docente, proporcionando en todo momento instrucións para empregalos.

As tarxetas de vocabulario presentan, no anverso, unha palabra do vocabulario nuclear dunha unidade xunto cunha imaxe representativa e a letra pola que esa palabra empeza destacada en maiúscula e en minúscula. Ademais, no reverso de cada tarxeta hai unha adiviñanza e unha sección "para saber máis", na que o alumnado poderá investigar

conceptos relacionados con esa palabra.

As láminas de expresión oral propoñen situacións comunicativas tipo e xogos de rol para realizar co alumnado, inclúen tarxetas coas que podemos repartir os roles e estruturas gramaticais tipo para apoiar a produción oral do alumnado.

As láminas de creación de contos traen instrucións adaptadas ao nivel do alumnado sobre como crear o seu propio conto, axudando con imaxes e viñetas e aportando varios tipos de estruturas que poden empregar. Estreitamente relacionadas están as láminas de presentación de personaxes, que axuda aos nenos e nenas a crear a súa propia personaxe para un conto ou unha historieta desde cero, con instrucións, exemplos, pasos para a elaboración...

As láminas de elaboración de descricións traen varias tarxetas e imaxes con obxectos para describir, acompañadas de palabras frecuentes na elaboración dunha descrición. Aportan varios exemplos.

As láminas de lectura prosódica de poemas ofrecen ao alumnado unha guía para iniciarse na lectura de poesía, con diferentes exemplos, con asociación de imaxes a cada un dos poemas e cunhas instrucións paso por paso para a súa lectura.

As láminas de regras ortográficas presentan as principais normas ortográficas a tratar en 1º de Primaria asociadas a cada unha das letras (ou dígrafos) do abecedario. Cada letra e palabra ou sílabas presentadas están destacadas en cores e asociadas a un debuxo.

O mural do abecedario presenta todas as letras do abecedario escritas en maiúscula e en minúscula, unha palabra que comeza por esa letra e o debuxo.

Finalmente, o xogo das palabras ten como obxectivo estimular o interese e a participación na aprendizaxe na lingua, especialmente nas áreas de ortografía, vocabulario, expresión oral e comprensión lectora, empregando un formato lúdico. Está pensado para a participación de toda a clase e ten tres niveis de dificultade. Trae o seguinte material:

- 60 tarxetas con preguntas de distinto nivel de dificultade.

- 18 tarxetas sorpresa, con indicacións de xogo como: colle unha peza do crebacabezas, devolve unha peza, perdes a quenda, gañas a quenda, colle dúas tarxetas comodín...

- 6 crebacabezas de 6 pezas cada un.

Os recursos dixitais empregados son numerosos e poden ampliarse ao longo do curso, se se presentase unha situación na que se descubre un recurso non previsto que poida axudar ao traballo dos contidos que se está a realizar nese momento. En xeral, son os recursos do libro dixital, con actividades interactivas, vídeos, cancións e actividades de escoita e comprensión oral. O alumnado tamén ten acceso á aula virtual, que está aberta en todo momento e na que se irán subindo recursos que poderán empregar opcionalmente na casa, dirixidos ao reforzo ou á ampliación de contidos que estamos a traballar nese momento.

Por último, quedan todos aqueles recursos materiais que pode elaborar, manual ou dixitalmente, a persoa docente ao longo do curso escolar, que respondan a unha necesidade concreta do momento. Entraría neste grupo calquera material que responda a estas características, por exemplo, tiras de palabras elaboradas dixitalmente e impresas para recortar.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A principio de curso levarase a cabo unha avaliación inicial para poder analizar cal é o punto de partida do noso alumnado e así poder establecer estratexias comúns de actuación e dar resposta á diversidade que nos atopamos na nosa aula.

Avaliaremos aspectos como: a expresión oral e o vocabulario (exprésase oralmente con claridade, emprega un vocabulario axeitado a súa idade...), esquema corporal e lateralidade (identificación do seu propio corpo, consciencia da man coa que escribe, diferencia esquerda/dereita...), lectura e comprensión lectora (identifica palabras escritas significativas e usuais, relaciona imaxe e texto, asocia grafías maiúsculas e minúsculas...), escritura (realiza correctamente os trazos propostos, copia palabras e oracións breves...). Para avaliar estes aspectos, realizaremos nas primeiras semanas actividades lúdicas e xogos para repasar o abecedario, identificación de palabras, elaboración de trazos rectos, curvos, abertos, pechados...

O resultado obtido nesta avaliación inicial servirá de punto de partida para o desenvolvemento da programación, facendo fincapé naqueles aspectos nos que o alumnado presente dificultades e potenciando aqueles outros nos que destaque, co obxectivo de que cada alumna e alumno atope e desenvolva os seus talentos, poñendo en marcha así as medidas de atención á diversidade que se consideren oportunas. En todo caso, seguindo a recente Orde de 8 de setembro de 2021, nestas avaliacións iniciais trataremos de reflectir os resultados evitando as vellas expresións centradas na falta de capacidade e introducindo aquelas que destacan o que o alumnado é capaz de facer, tratando

de contribuír ao cambio de paradigma do "non é capaz" ao "é capaz".

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	7	8	8	10	8	8	8	9	8	8
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	8	10	100
Táboa de indicadores	100	100	100

Criterios de cualificación:

A totalidade dos criterios de avaliación da presente programación serán avaliados por medio dunha táboa de indicadores, da cal se levará un rexistro cunhas escalas de valoración ou con rúbricas, empregando como técnica principal a observación continua e sistemática.

A nota trimestral, no tocante o que ás unidades didácticas se refire, será a seguinte:

- 1º trimestre: UD1 20% + UD2 25% + UD3 25% + UD4 30%.
- 2º trimestre: UD5 20% + UD6 25% + UD7 25% + UD8 30%.
- 3º trimestre: UD9 20% + UD10 25% + UD11 25% + UD12 30%.

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte, tal e como está reflectido na relación de unidades didácticas:

- UD1 7% + UD2 8% + UD3 8% + UD4 10% + UD5 8% + UD6 8% + UD7 8% + UD8 9% + UD9 8% + UD10 8% + UD11 8% + UD12 10%.

Cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, sexa un resultado con decimais, aplicarase o seguinte criterio por defecto:

- Se o decimal estivera entre 0 e 49, o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais.
- Se o decimal estivera entre 50 e 99, o número enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do alumnado argumenta a este/a/s a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, isto será o que prevalecerá.

Criterios de recuperación:

Dado que se trata dun currículo competencial e tendo en conta que os obxectivos de área se traballan en todas as avaliacións parciais, a recuperación se integrará na avaliación seguinte. Os instrumentos de avaliación empregados para avaliar os obxectivos de área a través dos criterios de avaliación suporán o emprego de contidos traballados nas avaliacións previas.

Asemade, se a valoración dos criterios de cualificación se basea en determinados instrumentos, a recuperación dos obxectivos de área non acadados será avaliado a través do mesmo tipo de instrumentos de avaliación usados na avaliación suspensa. No caso de alumnado con medidas de atención á diversidade, os instrumentos adaptaranse ás súas características.

Actualizarase a cualificación no momento en que o alumnado recupere, dado que se trata dunha avaliación progresiva nun currículo en espiral.

6. Medidas de atención á diversidade

Na presente programación, as medidas de atención á diversidade seguen a liña do proposto pola recente Orde de 8 de setembro de 2022, que desenvolve o Decreto 229/2011. Así, un dos piares fundamentais que guían a acción educativa e que permiten abordar conxuntamente a atención á diversidade xunto a inclusión é o Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA). Prestaremos atención durante o desenvolvemento das sesións ao longo do curso a cumprir cos seguintes tres principios:

- Proporcionar múltiples formas de implicación na aprendizaxe. Activar as redes afectivas. Trátase de empregar diferentes estratexias para motivar ao alumnado, manter esa motivación e facilitar a súa participación activa no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Proporcionar múltiples formas de representación da información. Activar as redes de recoñecemento. Seguindo este principio, presentarase a información ao alumnado en soportes variados e formatos distintos, tendo en conta as diferentes vías de acceso e procesamento de dita información.
- Proporcionar múltiples formas de acción e expresión da aprendizaxe. Activar as redes estratéxicas. Seguindo este principio, ofreceremos ao alumnado diferentes posibilidades para expresar o que saben, para organizarse e para planificarse.

Exemplos de concreción do DUA na realidade na aula poden ser os seguintes: empregar diferentes temáticas e puntos de partida nas actividades para captar o interese do alumnado, utilizar o material didáctico descrito no apartado correspondente (que responde a múltiples e variadas formas de representar a información...) ou ofrecer ao alumnado a oportunidade de expresar o que sabe mediante soportes distintos: escrito, debuxo, explicación oral, deseño e/ou prototipado das ideas... Isto último é especialmente importante para atender a todos os nenos e nenas con independencia do seu nivel de madurez lectoescritora, que é moi heteroxéneo.

Ademais, hai que destacar que, no nivel, están a aplicarse desde o inicio de curso medidas ordinarias e extraordinarias de atención á diversidade das recollidas na Orde do 8 de setembro de 2021. Así, respecto ás medidas ordinarias, están a aplicarse e, en previsión, aplicaranse:

- Adecuación da estrutura organizativa do centro, e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- Adecuación das programacións didácticas ao alumnado e ás circunstancias do seu entorno.
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación.
- Apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Programas de habilidades e competencias sociais.

Tamén está a aplicarse unha medida extraordinaria de atención á diversidade. Trátase do apoio, tanto dentro como fóra da aula, a alumnado con necesidade específica de apoio educativo por parte do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe. Esta medida está motivada por necesidades detectadas en Infantil.

Por último, hai que destacar que, como a programación é un documento flexible, este apartado tamén o é, polo que, de ser necesario, aplicaranse novas medidas de atención á diversidade para responder a necesidades que xurdan ao longo do curso, sempre dentro das condicións e temporalización, no seu caso, establecida pola normativa en materia de atención á diversidade.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora: estratexias antes, durante e despois da lectura. Comentario e opinión conxunta sobre as lecturas realizadas.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral: produción oral espontánea e dirixida.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Expresión escrita: escritura creativa.							X	X
ET.4 - Comunicación audiovisual: linguaxe audiovisual e publicitaria, reflexión sobre os medios de comunicación tradicionais e os máis recentes.				X			X	X
ET.5 - Competencia dixital: alfabetización mediática e informacional, necesidade de contrastar informacións para verificala correctamente.			X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento da creatividade: obradoiros de creación de contos e actividades de escritura creativa ou invención de novas palabras.				X	X	X	X	X
ET.7 - Igualdade entre mulleres e homes: perspectiva de xénero e rotura dos roles de xénero tradicionais.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a paz: resolución dialóxica dos conflitos.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable: día a día na aula con exemplos das merendas, o lixo xerado e o traballo nas conmemoracións relacionadas.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación para a saúde: hábitos de vida saudable, importancia da dieta, do descanso e do exercicio físico.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.11 - Educación emocional e en valores: asembleas de clase semanal, reflexión sobre as actitudes positivas e curtametraxes ou libros para educar en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Comprensión lectora: estratexias antes, durante e despois da lectura. Comentario e opinión conxunta sobre as lecturas realizadas.	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral: produción oral espontánea e dirixida.	X	X	X	X
ET.3 - Expresión escrita: escritura creativa.	X	X	X	X
ET.4 - Comunicación audiovisual: linguaxe audiovisual e publicitaria, reflexión sobre os medios de comunicación tradicionais e os máis recentes.	X	X	X	X
ET.5 - Competencia dixital: alfabetización mediática e informacional, necesidade de contrastar informacións para verificala correctamente.	X	X	X	X
ET.6 - Fomento da creatividade: obradoiros de creación de contos e actividades de escritura creativa ou invención de novas palabras.	X	X	X	X
ET.7 - Igualdade entre mulleres e homes: perspectiva de xénero e rotura dos roles de xénero tradicionais.	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a paz: resolución dialóxica dos conflitos.	X	X	X	X
ET.9 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable: día a día na aula con exemplos das merendas, o lixo xerado e o traballo nas conmemoracións relacionadas.	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.10 - Educación para a saúde: hábitos de vida saudable, importancia da dieta, do descanso e do exercicio físico.	X	X	X	X
ET.11 - Educación emocional e en valores: asembleas de clase semanal, reflexión sobre as actitudes positivas e curtametraxes ou libros para educar en valores.	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita á biblioteca pública	Para fomentar no alumnado a animación á lectura así como para coñecer o uso e funcionamento da mesma.	X		
Obra de teatro	Asistencia a unha obra de teatro establecendo no alumnado a curiosidade e o interese por este xénero.		X	
Contacontos	Fomento da lectura a través dun contacontos participativo.		X	X
Visita de autor/a	Fomento da lectura e descubrimento da vida dun escritor ou escritora: cómo compoñe, como se inspira...			X
Samaín	Elaboración de cabazas viaxeiras e traballo sobre as orixes desta festa.	X		
Magosto	Elaboración dun castañeiro, bailes, comer castañas e xogos populares (mariola, pano, carreira de zancos...).	X		
Nadal	Participación nun festival no que realizarán unha actuación e elaborarán decoración con motivo das festas.	X		
Entroido	Seguirán as mandas do meco para traer diferentes complementos cada día á aula, ata disfrazarse por completo no día lectivo anterior ás vacacións escolares de Entroido.		X	
Semana da Prensa	Traballo con periódicos na aula.			X
Semana do Libro	Actividades dedicadas a impregnar o ambiente de lectura, promocionar o libro como agasallo, compartir experiencias lectoras, valorar as bibliotecas e librarías...			X
Semana das Letras Galegas	Actividades dedicadas a homenaxear a Francisco Fernández del Riego: lectura da súa obra, aprender sobre a súa vida, elaborar decoración e murais para a aula...			X

Observacións:

Ao longo do curso poderán introducirse máis actividades tendo en conta os seguintes parámetros:

- Adecuación á idade.
- Adecuación aos coñecementos propios e/ou transversais.
- Implica participación activa do alumnado.
- Parte dun ou varios puntos de interese para o alumnado.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adaptouse a práctica docente ás características do alumnado, atendendo á diversidade do grupo.
Tivéronse en conta as características do grupo para planificar os espazos, tempos e agrupamentos.
Mantívose un clima de seguridade e confianza na aula.
Metodoloxía empregada
A secuenciación dos criterios e os mínimos de consecución na unidade favoreceron a súa correcta adquisición.
Proporcionouse ao alumnado unha retroalimentación de como evoluciona o seu proceso de aprendizaxe.
Nas saídas didácticas (actividades complementarias ou extraescolares, de ser o caso) a planificación foi axeitada en canto a tempo, climatoloxía, desprazamento, as actividades propostas...
Favoreceuse unha aproximación motivadora ao galego para os nenos e nenas, conseguindo un maior porcentaxe de emprego da lingua, tendo en conta o contexto castelanfalante.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Utilizáronse de forma eficaz as TIC nas actividades correspondentes.
Clima de traballo na aula
Mantívose a motivación do alumnado ao longo das actividades propostas en cada unidade didáctica.
Conseguíuse a participación activa do alumnado.
Empregáronse estratexias e procedementos de autoavaliación e reflexión das propias aprendizaxes no grupo.
Os recursos e puntos de partida foron variados, da contorna próximo e adaptados ás características do alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Os recursos seleccionados foron axeitados para o correcto desenvolvemento das actividades propostas.
Fomentouse a comunicación e a participación activa das familias na vida da escola.
Os instrumentos de avaliación foron axeitados e coherentes cos criterios de avaliación.

Descrición:

Estes indicadores de logro serán revisados e aplicados ao final de cada unha das unidades didácticas, posto que entendemos a programación como un documento aberto e necesariamente flexible ao longo do curso académico. Así, resultaría insuficiente realizar unha revisión trimestral, posto que se poden detectar carencias antes.

Así, tras cada unidade didáctica, realizarase unha reflexión a partir destes indicadores de logro. Aqueles indicadores de logro onde se considere que non se acadou o mínimo de consecución porán en marcha un mecanismo de revisión e análise para mellorar na seguinte unidade didáctica.

Ao final de cada trimestre, realizarase unha valoración global do proceso de ensino e a práctica docente, valorando os mecanismos de revisión e mellora aplicados e destacando os aspectos nos que sexa necesario incidir, de cara ao seguinte trimestre, para mellorar.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación é un elemento flexible, que debe adecuarse á realidade do alumnado, polo que se introducirán melloras ao longo da súa posta en práctica. O seguimento da programación realizarase principalmente en tres momentos: ao finalizar cada unidade didáctica, trimestralmente e anualmente. Teranse en conta os seguintes indicadores:

1. Responder as características do alumnado da aula.
2. Resultar útil para o uso docente na aula.
3. Seguimento da temporalización.
4. Consecución dos niveis mínimos de logro dos contidos de aprendizaxe traballados.
5. Prever mecanismos de recuperación, repaso, ampliación e reforzo.
6. Modificarse en función das necesidades de docencia ou aprendizaxe sen perder coherencia.
7. Presentar unha coherencia gradual lóxica dos obxectivos, contidos, criterios de avaliación ao longo do seu desenvolvemento.
8. Dispoñer de mecanismos de revisión e de mellora.
9. Realizar revisións periodicamente.
10. Responder aos centros de interese do alumnado do grupo.
11. Establecer relacións coas actividades extraescolares e complementarias.

Unha vez analizados estes indicadores, realizaranse modificacións na programación que poden supoñer:

- Cambios nas metodoloxías empregadas.
- Cambios nos procedementos e instrumentos de avaliación.
- Modificacións na temporalización.
- Deseño de medidas para atender ás dificultades presentadas e á diversidade xeral da aula.

9. Outros apartados